

CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA A ANUALIDADE 2025 PARA A IMPLANTACIÓN DE RECOLLIDAS SEPARADAS DE BIORRESIDUOS, ACEITES DE COCIÑA USADOS E TÉXTILES, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA POR ANTICIPADO DE GASTO PARA O ANO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MT975T)

PREGUNTAS XERAIS

1.- Cal é o procedemento de concesión para estas axudas?

Segundo o establecido nos artigos 1 e 11 das bases reguladoras, o procedemento que se empregará para a concesión das axudas será o de **concorrenza non competitiva** contemplado no artigo 19, apartado 1º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2.- Cales son as liñas subvencionables desta convocatoria?

Serán subvencionables os seguintes proxectos:

- a) **Liña 1:** Proxectos de implantación, ampliación ou mellora de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (**compostaxe e/ou dixestión anaerobia**).
- b) **Liña 2:** Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (**compostaxe in situ**).
- c) **Liña 3:** Proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de **aceite de coziña usado** xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos para destinalo a valorización.
- d) **Liña 4:** Proxectos de implantación ou mellora da recollida separada da fracción de **residuos téxtiles** dos residuos municipais para destinalos a preparación para a reutilización ou reciclado.

3.- Pode optar unha mesma entidade local a máis dunha subvención ao amparo desta convocatoria?

Si, segundo o establecido nas bases reguladoras é posible que una mesma entidade local concorra a esta convocatoria de maneira simultánea para as liñas subvencionables a que se refire o artigo 3, pero se o proxecto ou proxectos para os que solicite a subvención

pertencen a liñas subvencionables distintas, deberán presentar **unha solicitude por cada liña (Anexo I)**.

Polo contrario, non é posible que unha entidade local concorra á convocatoria de maneira simultánea e para a mesma actuación de maneira individual e a través da entidade supramunicipal ou agrupación na que se integre (art. 2.3 das bases reguladoras).

4.- Cal sería a porcentaxe máxima subvencionada?

O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o **90% do custo total subvencionable** e será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto a financiar.

O financiamento achegado **non é compatible** cos Proxectos Clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2) así como axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outro fondo europeo, tales como FEDER, REACT-UE, FSE, FEADER, HORIZONTE EUROPA, etc.

5.- As cantidades a subvencionar nesta orde son con IVE ou sen IVE?

Os importes considerados ao abeiro desta Orde son importes **SEN IVE** xa que segundo se indica no artigo 5.2.b **non será un gasto subvencionable o imposto sobre o valor engadido**. Será a entidade beneficiaria da axuda a que teña que soportar directamente o importe sobre o valor engadido (IVE).

6.- Que concellos poden solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarias as **entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia**, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3.1 para cada unha das liñas subvencionables.

7.- Cal é o período subvencionable e o prazo de execución?

O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o **1 de marzo del 2020 e o 30 de novembro de 2025** ambos incluídos, tendo en conta as datas límite para a súa xustificación segundo o sinalado no artigo 20 da orde.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para solicitar o aboamento da axuda e súa xustificación consonte ao establecido no parágrafo seguinte.

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o **30 de novembro de 2025**.

8.- A orde de subvencións contempla o pago de anticipos?

Si, o artigo 24 da Orde prevé a posibilidade de que as entidades que resulten beneficiarias soliciten o pago anticipado de ata o 50 % do importe de subvención concedido, de conformidade co disposto no artigo 31.6 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e no artigo 63 do Decreto 11/2009.

As entidades beneficiarias que queiran acollerse á modalidade de pagamento anticipado, deberán manifestalo expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo VI e dispoñible na Sede electrónica.

9.- Que requisitos deben cumprir as entidades locais para solicitar as axudas das liñas sinaladas nas bases da presente convocatoria?

De maneira xeral os requisitos son os seguintes:

- Os proxectos presentados deberán incorporar elementos de compra pública verde ou ecolóxica.
- Para os efectos da presente convocatoria, teñen a consideración de residuos especiais de competencia municipal aqueles residuos que carecen de sistemas ordinarios de recollida pero que son susceptibles de recuperación ou necesitan recollese separadamente debido as súas especiais características (aceites vexetais usados, téxtiles, voluminosos, etc).

10.- Que documentación deben presentar para poder optar á subvención?

As solicitudes poderanse presentar individualmente por un concello, ou conxuntamente por máis dunha entidade local, ben sexa por medio de entidades de carácter supramunicipal que pola súa vez teñen a consideración de entidade local, ben baixo a modalidade de agrupación de entidades locais. No caso de solicitudes conxuntas presentadas baixo a

modalidade de agrupación, cubrirase o Anexo VIII destas bases, indicando os datos dos solicitantes acollidos á modalidade de agrupación.

O Anexo I (formulario da solicitude), que será subscrito directamente polas persoas que ostenten a súa representación.

A solicitude deberá completarse coa documentación sinalada no artigo 8 da Orde:

- Certificación do acordo adoptado polo órgano competente en que conste a decisión da entidade ou entidades locais de solicitar a subvención ao abeiro destas bases reguladoras (Anexo II).
- Certificación de que a entidade solicitante remitiu ao Consello de Contas de Galicia, das contas correspondentes ao último exercicio orzamentario a que legalmente este obrigada e en todo caso, con anterioridade ao vencemento do prazo da presentación da solicitude (Anexo II).
- Declaración, por parte da entidade solicitante, do compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) (Anexo III).
- Acreditación na que se faga constar que se dispón de crédito suficiente no orzamento da entidade local para o pagamento da parte proposta para o cofinanciamento pola súa banda.
- No caso de solicitudes presentadas por agrupacións de entidades locais, deberán achegar:

1º Documentación xustificativa da persoa física ou entidade local designada para actuar como representante para formular a solicitude presentada.

2º Identificar a relación de entidades locais participantes.

3º Xustificación, de ser o caso, de que as persoas representantes das entidades locais participantes autorizan a presentación da solicitude, así como no relativo á remisión das contas do último exercicio orzamentario a que legalmente están obrigadas ao Consello de Contas (Anexo II).

4º Os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación.

5º O importe de subvención que vai aplicar cada entidade membro da agrupación.

6º Anexo de pluralidade de solicitantes (Anexo VIII).

- Documentación acreditativa da representación.

11.- Ademais dos documentos indicados no apartado anterior, deben presentar documentación específica en función da liña solicitada?

Si, en todo caso se deberá achegar a seguinte documentación:

Liña 1 deberán presentar:

1º. Anexo I.A debidamente cuberto.

2º. Identificación da instalación de destino dos biorresiduos. A instalación ou centro de tratamento prevista para tratar os biorresiduos recollidos de forma separada, deberá de tratarse dunha instalación ou centro debidamente autorizada/o para o tratamento da fracción orgánica procedente da recollida municipal, non permitíndose o tratamento conxunto con outro tipo de residuos de orixe industrial.

Liña 2 deberán presentar Anexo I.B debidamente cuberto.

Liña 3 deberán presentar:

1º. Anexo I.C debidamente cuberto.

2º. Identificación da instalación de destino dos aceites. Instalación ou centro de tratamento previsto para tratar os residuos procedentes de aceites de cociña, tendo en conta que deberá tratarse dunha instalación ou centro debidamente autorizada/o para a valorización destes residuos municipais e con capacidade suficiente. En caso de que o destino dos residuos recollidos sexa un xestor intermedio deberá sinalar o destino final dos residuos.

Liña 4 deberán presentar:

1º. Anexo I.D debidamente cuberto.

2º. Identificación da instalación de destino dos residuos téxtiles. Instalación ou centro de tratamento prevista para tratar os residuos téxtiles recollidos de forma separada, tendo en conta que deberá de tratarse dunha instalación ou centro debidamente autorizada/o para a preparación para a reutilización ou reciclado e con capacidade suficiente.

12.- Onde debo presentar a solicitude?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal> (Código de procedemento MT975T)

A Subdirección Xeral de Resíduos e Economía Circular da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático será o órgano competente para a instrución do procedemento, revisando as solicitudes recibidas e a documentación presentada.

13.- Cal é o prazo de presentación?

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes e iniciárase en 7 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia. As solicitudes poderanse presentar dende as 12:00 horas do referido día.

14.-É preciso solicitar tres ofertas para a elección dos provedores?

Segundo se indica no artigo 26 o beneficiario deberá remitir certificación expedida pola secretaría da entidade local, na cal **se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública.**

Deberase observar o disposto na normativa aplicable en materia de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación e, se é o caso, respecto de contrato menor con adxudicación directa.

15.-Que requisitos de comunicación ten o beneficiario?

O beneficiario deberá cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto, de conformidade co establecido no anexo IV das bases así mesmo, deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Deberán levarse a cabo medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolvan os investimentos **(carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios, insercións en prensa, certificados etc)**, onde se fará mención da orixe deste e velarase por darlle visibilidade, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique "financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU" tal como se reflicte no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello,

de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Na páxina web <https://sirga.xunta.gal/> pode consultarse o modelo do cartel informativo e o Manual de comunicación para os beneficiarios das axudas.

16.- A entidade local solicitante terá a condición de entidade executora?

Si, de conformidade co exposto no artigo 3.k) da Orde HFP/1031/2021 de 29 de setembro, se lle outorga a condición de entidade executora, aos concellos que teñan asignado un subproxecto, é dicir cando reciban fondos destinados á realización de accións contempladas no Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR).

Nestes supostos, facilitarase toda a información de seguimento que precisen, así como a información preceptiva que deben achegar ao sistema de información de xestión e seguimento do PRTR conforme ao disposto na Orde HFP/1031/2021, e na Secretaría Xeral de Fondos Europeos para cumprir cos fitos e obxectivos requiridos nesta materia.

17.- Como se procederá para poder dar cumprimento ás obrigas preceptivas nesta materia?

Poderán obter asistencia técnica e dinamización da participación das administracións públicas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, mediante a adhesión ao convenio coa Secretaría Xeral de Fondos Europeos (SXFE) e TRAGSATEC, outorgándose preferencia ás Entidades Locais, especialmente aquelas que contan con menos de 5.000 habitantes.

Para levalo a cabo, poderán facer a súa inscrición a través do seguinte enlace:

[https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/
2023%2004%2011%20PROTOCOLO%20DE%20ADHESION%20AL%20SERVICIO
%20DE%20ASISTENCIA%20T%C3%89CNICA%20Y%20DINAMIZACION%20TRAGSATEC%20EN%20EL%20PRTR%20LOGOS.pdf](https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/2023%2004%2011%20PROTOCOLO%20DE%20ADHESION%20AL%20SERVICIO%20DE%20ASISTENCIA%20T%C3%89CNICA%20Y%20DINAMIZACION%20TRAGSATEC%20EN%20EL%20PRTR%20LOGOS.pdf)

18.- No tocante ás agrupacións municipais, poden ter estas a condición de entidades executoras?

Si. Neste suposto, designarase unha única entidade local como entidade executora do subproxecto, que será á que se lle asignarán os fondos públicos e asemade, será esta entidade, á que lle corresponderá a formulación do informe de xestión-certificado do subproxecto, mediante certificación do seu Secretario. A estes efectos, o resto de entidades locais participantes no subproxecto formalizarán o resultado da xestión realizada

mediante actuacións, ou outras liñas de acción, certificando documentalmente a súa contribución en termos equivalentes ao informe de xestión requirido a nivel da entidade executora.

19.- Se teñen algunha dúbida acerca desta convocatoria, a onde deben dirixirse?

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático pon á disposición dos interesados o seguinte enderezo do correo electrónico: fondos.mrr@xunta.gal. Para os casos concretos de dúbidas nas **solicitudes iniciales** terán o seguinte número de teléfono a disposición dos solicitantes: 981 54 17 34.

PREGUNTAS ESPECÍFICAS

1.- Pódese comprar calquera tipo de vehículo?

Todos os vehículos adquiridos deberán **ser eléctricos ou de biogás de orixe vexetal non sendo** financiable aqueles vehículos que usen combustibles fósiles incluída a utilización posterior destes, segundo se recolle explicitamente no Acordo de Conferencia Sectorial.

- Os combustibles como o **bioGLP ou biometanol** poderían cumprir cos requisitos esixidos na orden de axudas **sempre e cando a orixe deles sexa renovable**.
- O combustible **Bi-fuel Autogas GLP NON** sería un concepto subvencionable posto que emprega como combustible **a gasolina (orixe non renovable)**.

En todo caso para acreditar que o camión sexa eléctrico ou de **biogás** deben presentar unha ficha técnica ou calquera documento que certifique esta condición. En canto ao uso de **biogás de orixe vexetal** sería suficiente cunha declaración xurada por parte do representante da entidade local na que se comprometa ao uso deste tipo biogás.

2.-Pódese ter implantada a recollida separada de biorresiduos no concello e solicitar a subvención?

Si, dado que se pode solicitar subvención para **ampliación ou mellora** de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico existente na actualidade.

3.- Poden solicitar a subvención unha agrupación formada por concellos que se atopan en diferentes situacións, é dicir, que non exista a implantación nuns e que noutros concellos só a teñan implantada en parte do seu territorio?

Non habería ningún problema, pero todos os concellos que integre a agrupación voluntaria deben cumprir os requisitos, condicións, obrigas e compromisos establecidos nesta orde.

4.- Pode un concello solicitar de forma independente pola liña 2 e a través dunha Mancomunidade pola liña 1, ou viceversa?

Pode presentar a solicitude independente sempre e cando sexa para unha actuación (liña) diferente á que se solicite a través da Mancomunidade.

5.- Aínda que estean adscritos a distintas plantas de transferencia, poden os concellos solicitar as axudas de forma conxunta ou a través da Mancomunidade?

Si. Os concellos pódense agrupar independentemente da planta de transferencia que teñan asignada.

6.- Cal debe ser o contido mínimo da memoria de solicitude?

Non hai que presentar memoria do proxecto ou actuación no momento da solicitude, pero si unha vez rematada a actuación. Esta memoria deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, na que se identifiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos. No artigo 23 da Orde detállase o contido mínimo desta memoria xustificativa segundo a liña de subvención da que se trate.

7.- É obrigatorio levar a cabo campañas de difusión e sensibilización?

Nesta Orde, en réxime de concorrència non competitiva, as entidades que soliciten a axuda para as liñas 1 e 2 **teñen a obriga de realizar campañas de difusión e sensibilización**.

8.- Podería solicitarse axuda unicamente para a realización dunha campaña de información?

Si se podería pero **sempre que estea asociada a un proxecto de implantación, ampliación ou mellora** da recollida separada de biorresiduos ou compostaxe in situ. Por outra banda, na redacción da memoria xustificativa das actuacións, que se terá que presentar na fase de xustificación, deberá de explicarse a mellora que supuxo para o proxecto presentando un indicador que corrobore dita mellora.

9.- Que se consideran "actuacións" no artigo 3? Serían o mesmo que "conceptos financiáveis"? É dicir, un concello podería pedir a subvención de forma individual,

para biotrituradores na Liña 1 e ao mesmo tempo podería solicitar coa Mancomunidade a adquisición de contedores?

As actuacións non son o mesmo que os conceptos financiáveis. As actuacións son as liñas subvencionables, por tanto, non podería concorrer a unha mesma liña subvencionable de forma individual e á vez como agrupación ou entidade supramunicipal.

10.- Pódense subvencionar os custos do servizo de recollida selectiva ou tratamento dos residuos?

Ao abeiro desta orde **non se consideran conceptos subvencionables os custos do servizo de recollida selectiva**, o tratamento dos residuos así como tampouco os custos de mantemento nin os alugueres. Os conceptos financiáveis aparecen recollidos no artigo 3.

11.- A actuación de implantar a recollida selectiva de biorresiduos refírese a implantala no 100% da poboación?

Ao abeiro desta orde de axudas non é necesario que se solicite a axuda para a implantación en todo o territorio do concello. A entidade solicitante deberá decidir a que porcentaxe da poboación quere destinar o proxecto, en función do modelo de xestión que mellor se axuste ás súas características. A asignación económica por habitante contemplada nesta orde debe considerarse soamente como unha axuda para fomentar a devandita implantación. Non obstante, nos proxectos/memorias que se presenten durante a fase de xustificación da subvención, deberá especificarse a poboación atendida.

12.- Como se valora o grao de implantación dunha liña? En número de contedores/habitante? nº de kg recollidos/hab?

O grao de implantación valorarase en función da poboación atendida por cada modelo de xestión dos biorresiduos.

13.- Na liña 2 de compostaxe in situ, en conceptos financiáveis, serían subvencionables os composteiros individuais de cociña? Os pensados para pisos?

A orde de axudas inclúe como conceptos financiáveis os "Composteiros domésticos": *Composteiros para vivendas unifamiliares con xardín ou horto nos que se depositen e se composten os biorresiduos*". Polo tanto, as vivendas ás que se destinen os composteiros domésticos deberán cumprir con esta definición.

14.- No concepto subvencionable na liña 1 destinado a sistemas de identificación de usuario e pesada, sería so para contedores na vía pública ou tamén podería entrar dentro da subvención este sistema para a achega dos biorresiduos aos centros de compostaxe comunitaria?

Os sistemas de identificación e pesada son un requisito que se deberán permitir incorporar nos contedores para a vía pública (artigo 3.1 a) nos que se realice a recollida separada dos biorresiduos. Os sistemas de identificación e pesada non se sinalan como concepto subvencionable dentro da liña 2 (compostaxe in situ) polo que non se consideran subvencionables neste caso.

15.- O importe para a adquisición dun camiión para a liña 1, é a maiores do importe máximo da axuda a que pode optar unha entidade local?

Si. No caso de que o concello solicite axuda para a adquisición do concepto subvencionable "Camiións para a recollida de biorresiduos" o importe solicitado non se detraerá da contía máxima da axuda correspondente da entidade en función do número de habitantes.

No caso de que o concello solicite axuda para a adquisición do concepto subvencionable "Camiións para a recollida de biorresiduos" o importe solicitado non se detraerá da contía máxima da axuda correspondente da entidade en función do número de habitantes. O importe máximo para cada un dos camiións solicitados será de 300.000 €.

Asemade, **so se financiarán camiións eléctricos ou de biogás de orixe renovable, e preferiblemente non compactador.**

16.- Que contido debe incluír o plan de traballo contemplado nas campañas e/ou actuacións de información, formación e seguimento financiadas?

O plan de traballo esixido para o financiamento de actuacións de formación, difusión e seguimento dos proxectos debe contemplar unha planificación das tarefas a realizar, cunha aproximación das datas, duración, e recursos humanos e materias necesarios para cada tarefa/actuación. Dita programación deberá ter en conta o prazo de execución establecido na orde de axudas.

Será obrigatorio, por parte dos beneficiarios da liña 2 de axudas, a realización dun seguimento da actuación de polo menos 1 ano, que garanta o cumprimento dos obxectivos marcados no proxecto.

17.- Nas actuacións de formación e seguimento do proxecto en compostaxe in situ, inclúense as actuacións de seguimento do proxecto. Sobre isto, a guía que habería que entregar a cada vivenda participante é para composteiros individuais ou tamén para composteiros comunitarios?

As guías dirixidas á poboación participante, como actuación de formación e difusión, deberán elaborarse e distribuírse tanto para os proxectos de compostaxe doméstica como de compostaxe comunitaria, acorde coa tipoloxía de proxecto que se desenvolva.

18.- Cal é o sistema para calcular a cantidade de gases de efecto invernadoiro evitados?

Para facer o cálculo da estimación de gases de efecto invernadoiro evitados poden consultar o modelo de cálculo publicado nesta sección do SIRGA.

PREGUNTAS SOBRE PUBLICIDADE

1.- Que logotipos ou outros elementos de difusión deben conter os conceptos subvencionados ao abeiro da orde de axudas para dar cumprimento ás obrigas de publicidade?

Deben figurar como mínimo, os seguintes elementos:

- Emblema da Unión Europea + **o texto "Financiado pola Unión Europea/Next Generation EU"**. Este texto sempre apracerá sen abreviar e xunto co emblema da UE.
- Emblema Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Emblema Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
- Emblema Xunta de Galicia

Permítese engadir o emblema dunha quinta entidade relacionada coa execución do proxecto, que pode ser o da propia entidade beneficiaria.

2.- Os logotipos deben ter o mesmo tamaño?

Non é necesario, aínda que deben ter en conta que:

- O emblema da Unión Europea terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura e anchura, que o maior dos demais logotipos.
- O emblema do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia debe ser do mesmo tamaño que o emblema da UE e debe ir separado deste.

3.- Os logotipos deben seguir algunha orde de colocación?

Non existe unha orde de colocación de obrigado cumprimento, porén é recomendable seguir o Manual de Identidade corporativa da Xunta de Galicia no seu punto cuarto, dispoñible en: https://www.xunta.gal/ficheiros/identidade-corporativa/2021/mic/xunta_de_galicia_manual_identidade_galego.pdf

Lembrámoslles que o emblema da Unión será sempre claramente visible e ocupará un lugar destacado.

4.- Que logotipos deben engadirse en instrumentos xurídicos como contratos, licitacións, etc.?

Todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos que se desenvolvan neste ámbito deberán conter:

- No encabezamento e corpo de desenvolvemento, a referencia: «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU».
- Nas portadas e encabezados os logotipos.

Poden descargar o modelo de documentos publicado nesta sección no portal SIRGA..

5.- É necesario realizar un cartel informativo dando publicidade á axuda concedida? Este cartel debe ter un tamaño concreto?

A realización dun cartel é unha boa opción para dar cumprimento ás obrigas de comunicación e poderá colocarse na web da entidade beneficiaria e/ou permanecer impreso nun lugar visible e de acceso ao público das súas instalacións.

O seu tamaño debe ser razoable e proporcionado, non existindo un tamaño mínimo. Poden descargar un modelo de cartel no portal SIRGA.

6.- Nos investimentos subvencionados que impliquen obras, é necesario colocar un cartel específico de obra?

Non é necesario colocar un cartel específico para actuacións que impliquen a realización de obras, é suficiente con colocar o cartel informativo da axuda nun lugar visible anexo á ás actuacións realizadas.

7.- As obrigas de publicidade abranguen tamén ás actividades de comunicación?

Si, aplican a todos os materiais de comunicación (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios, insercións en prensa, etc.).

No caso de cuñas radiofónicas, deberase incluír a seguinte mensaxe (cuxa parte final poderase adaptar en función da entidade responsable da actividade): “Financiado pola Unión Europea - Next Generation – Plan de Recuperación - Ministerio competente - Gobierno de España”, ou unha opción máis curta eliminando da locución o nome do ministerio correspondente.

8.- Que elementos de publicidade deben mostrar camións para biorresiduos mercados ao abeiro desta convocatoria?

Os camións para biorresiduos deben de levar serigrafiados, preferiblemente na súa carrozaría, todos os elementos de información indicados na pregunta número 1 relativa á publicidade, e o seu tamaño debe ser axeitado ás dimensións do camión para garantir a súa visibilidade.

A maiores, segundo indica o artigo 3 apartado a), o camión deberá levar serigrafiado nun lugar visible que é para a recollida separada de biorresiduos.